

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES:****PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias  
(Xefe Territorial)

**VOGAIS**

Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos  
(Representante do Colexio de  
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC de  
Pontevedra)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada  
da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES  
DOS VECIÑOS DA CMVMC DE  
LOURIDO**

Xosé Antón Silva Tubio  
M<sup>a</sup> Carmen Martínez González

**SECRETARIA**

Ana Belén Fernández Dopazo  
(Funcionaria adscrita ao Servizo  
Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do 16/02/2022 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados **Coto Real, Coto do Pazo, Banda e Cagadouro**, solicitados a favor dos veciños da **comunidade de montes veciñais en man común (CMVMC) de Lourido (Salvaterra de Miño)**

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO** - Con data de entrada 06/04/2020, don Xosé Antón Silva Tubío, como presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Lourido, concello de Salvaterra de Miño, presenta solicitude de clasificación como monte veciñal en man común das parcelas denominadas Coto Real, Cagadouro, Coto do Pazo e Banda. Achega informe pericial con planimetría, listado catastral e relación de propietarios con descrición de parcelas do catastro de riqueza rústica. Tamén autorización da Xefatura Territorial de Medio Rural de corta de madeira queimada en marzo de 2018 na parcela Coto do Pazo. Con data 30/06/2020 o Servizo de Montes indica que os datos aportados pola Comunidade solicitante permiten identificar plenamente as parcelas, que non están clasificadas e que algunhas delas invaden fincas catastrais particulares.

Con data de entrada 13/08/2020, a Comunidade de Montes de Lourido achega documentación consistente na copia do acordo de clasificación e oito declaracións xuradas de veciños afirmando o aproveitamento veciñal das parcelas.

**SEGUNDO-** O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 23/11/2020, incoar o correspondente expediente de clasificación das citadas parcelas a favor da Comunidade de Montes de Lourido, concello de Salvaterra de Miño.

O 14/12/2020 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 29/04/2021 recíbese o antedito informe do Servizo de Montes.

**TERCEIRO-** A Rexistradora da Propiedade de Ponteareas, en escrito de data 12/07/2021, certifica que as fincas denominadas Coto Real, Cagadouro, Coto do Pazo e Banda non figuran inscritas no Rexistro da Propiedade.

**CUARTO-** O Diario Oficial de Galicia publicou o 24/09/2021 o anuncio do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co acordo de iniciación do expediente de clasificación e abrindo o período dun mes para que as persoas interesadas puideran examinar o expediente e efectuar as alegacións oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro. O período de audiencia pechouse sen que se presentaran alegacións.

**QUINTO** - Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente obedecen á seguinte descrición:

**CONCELLO: SALVATERRA DE MIÑO.**

**PARROQUIA: LOURIDO.**

**1. Nome do Monte: COTO REAL.**

**Cabida:** 157 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude).

**Referencia catastral:** 36050A02200069.

**Estremas:**

Norte, sur, leste e oeste: con pista asfaltada.

**2. Nome do monte: CAGADOURO.**

**Cabida:** 1.573 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude).

**Referencias catastrais:** 36050A02300089, 36050A02300051.

**Estremas:**

Titulares	
Norte	M <sup>a</sup> Carmen González Portas
	Jesús Caamaño Álvarez
Sur	Senén Guillade Míguez
	Carmen Esther Vidal Domínguez
Leste	propietario descoñecido
Oeste	Sofía Estévez Giráldez

**3. Nome do monte: COTO DO PAZO.**

**Cabida:** 4.447 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude),.

**Referencia catastral:** 36050A02300611.

**Estremas:**

Titulares	
Norte	José Luis e María, M <sup>a</sup> Jovita Martínez Rodríguez
	Carmen Esther Vidal Domínguez
Sur	Braulio Portas Martínez
	Braulio Rodríguez Martínez
	José Portas Rodríguez
	Manuel Merino Rodríguez
	José Luis Guillade
	Asunción García González
	Manuel Magariños Domínguez
Leste	Manuel Portas Rodríguez
Oeste	Camiño público

**4. Nome do monte: BANDA.**

**Cabida:** 2.551 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude).

**Referencia catastral:** 36050A01000537.

**Estremas:**

Titulares	
Norte	Camiño público
Sur	Elda Fé Castro Vidal
	Elvira Estévez Rodríguez

Titulares	
	Leonilda Rodríguez Rodríguez
	Ángel Rodríguez Martínez
	Francisco Martínez Martínez
Leste	Deolinda González Rodríguez
Oeste	Camiño público

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo:** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Terceiro:** O informe preceptivo do Servizo de Montes establece que a maioría das parcelas teñen uso forestal e algunhas sufriron lumes hai uns anos, polo que agora *"...se observan restos de incendio, está poboada por rebrotes de eucaliptos, cun estrato arbustivo..."* ou *"repoboado de pinus pinaster (pés de altura entre os 70-150 cm.) con estrato arbustivo e subarbustivo"* e *"obsérvanse restos de incendios e unha vexetación composta de rebrotes de eucaliptos, algún carballo, xestas, toxos e silvas"*.

**Cuarto:** A Comunidade de Montes de Lourido aporta a autorización da Xefatura Territorial de Medio Rural de corta de madeira queimada en marzo de 2018 na parcela Coto do Pazo. Tamén presenta oito declaracións xuradas de veciños afirmando o aproveitamento veciñal de todas as parcelas.

**Quinto:** Todas as parcelas solicitadas de clasificación corresponden con fincas catastrais de titularidade da Comunidade de Montes de Lourido, inda que nalgúns casos a planimetría presentada invade parcialmente fincas de particulares. O

Concello de Salvaterra de Miño non presentou alegacións contrarias á clasificación, o que supón o recoñecemento implícito do carácter veciñal destas parcelas por parte do Concello. Finalmente o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións opoñéndose á clasificación, como Monte Veciñal en Man Común, de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Lourido.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, **o Xurado** por unanimidade **acorda : clasificar** como veciñais en man común os montes denominados **Coto Real, Cagadouro, Coto do Pazo e Banda** a favor dos veciños da Comunidade de Montes de Lourido, do Concello de Salvaterra de Miño, ao reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



542750

542500

542250

542750

542500

542250



O Coto Real

O Eido Vello

A Abeleira

1.- Coto Real 157 m.<sup>2</sup>

2.- Cagadouro 1.573 m.<sup>2</sup>

3.- Coto do Pazo 4.447 m.<sup>2</sup>

4.- Banda 2.551 m.<sup>2</sup>

**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 Dirección Territorial de Pontevedra  
 Servizo da Morada Rústica

Coto Real, Coto do Pazo, Banda e Cagadouro

**CMVMIC de Lourido - Salvaterra de Miño**  
 Pontevedra A3 1-2.500 (eirs-89) 12 de febreiro de 2022

*Stamp*

*[Handwritten signature]*